



**SPI** GALICIA, S.A.  
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

---

## CONTRATO

### PROCEDEMENTO ABERTO SUBMINISTRACIÓN

***MELLORA DÁ EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA AUTOESTRADA AG-53.  
ALTO DE SANTO DOMINGO - A-52. SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS  
SUSP200101***

***LOTE 1: ENLACE DA AG-53 COA AG-54***

***XANEIRO DE 2020***

En Santiago de Compostela, a xx de xxxxxxxxxxxx de 2020.

## REUNIDOS

---

Dunha parte Dona Angela Bouzada Valverde, maior de idade, con D.N.I. 52.776.210-L, en nome e representación da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (en diante SPI Galicia, SA.), domiciliada en Santiago de Compostela, Avelino Pousa Antelo, nº 1 - 2º, Santiago de Compostela, 15707, A Coruña, con N.I.F. A -15595275, inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 1.896, folio 62, folla nº C-17823, inscrición 1ª.

Angela Bouzada Valverde, actúa na súa condición de Adxunta ao Xefe de Área de Administración e Finanzas da dita Sociedade, de acordo coas facultades que resultan da escritura de poder autorizada polo notario de Santiago de Compostela, Francisco López Moledo o día 20 de maio de 2016 co nº 520 do seu protocolo.

E doutra Don XX, maior de idade, con D.N.I. XX.XXX.XXX-X, en nome e representación de REF **##ADXUDICATARIO##**, con domicilio social en XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, (en diante “o contratista”), con C.I.F./N.I.F. X-XXXXXXXX, inscrita no Rexistro Mercantil de XXXXXXXX, no tomo XXXXX, folio XX, folla nº X-XXXXXX, inscrición X, e de acordo coas facultades que resultan da escritura de poder autorizada polo notario XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX do Ilmo. Colexio de XXXXXXXX na escritura de protocolo nº XXXX de data XX de XXXXXXXX de XXXX.

## EXPOÑEN

---

1. SPI Galicia, S.A. é unha sociedade constituída, logo da súa creación polo Decreto 56/1997, do 6 de marzo, mediante escritura autorizada con data de 31 de marzo de 1997 polo notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Manuel Julio Reigada Montoto, e réxese pola Lei de sociedades anónimas, Lei 3/1985, do 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma, Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e calquera outra disposición que lle sexa de aplicación.

A sociedade ten por obxecto proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e dos mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmoebles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do tramo Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcamentos e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia do tramo Alto de Santo Domingo – A -52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desarrollarse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autónoma en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

2. O Consello da Xunta de Galicia, aprobou o Plan Económico Financeiro de SPI - Galicia, SA., de conformidade co Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia.
3. No Decreto 432/2003, polo que se regula a construción, explotación e conservación do tramo Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo -Ourense.
4. SPI Galicia non dispón de medios propios para a realización destes traballos, polo que licitou un contrato de subministración, por procedemento aberto, para realizar estas actuacións, publicándose os correspondentes anuncios de convocatoria nos medios correspondentes.
5. O Consello de Administración de SPI - Galicia, S.A. na reunión celebrada o día XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX acordou adjudicar o Contrato de Subministración para a *Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na autoestrada AG-53 Alto de Santo Domingo – A-52. Subministración e instalación de luminarias. SUSP200101 Lote 1: Enlace da AG-53 coa AG-54* á empresa XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.
6. O contratista acreditou ante a Mesa de Contratación de SPI - Galicia, S.A. a súa capacidade e personalidade para contratar e obrigarse e, en especial, para o outorgamento do presente contrato e constituíu a fianza definitiva esixida nas bases do contrato, que quedou depositada a disposición de SPI - Galicia, SA. aos efectos previstos neste contrato.
7. Ambas partes proceden á formalización do contrato, e queda suxeito ás seguintes:

## CLÁUSULAS

A compañía mercantil SPI - Galicia, SA., dunha parte, e doutra xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx, asumen a integridade dos dereitos e dos deberes que dimanan do presente documento, e formalizan mediante este contrato a execución da subministración citada na parte expositiva e que vén definido polos seguintes documentos:

- ♦ Folla de especificacións da licitación e prego de condicións.
- ♦ Detalles da oferta do contratista, como anexo 2.
- ♦ Copia da fianza, como anexo 3.
- ♦ Nomeamento do Delegado do contratista, como anexo 4.

Da documentación que acaba de indicarse como definitiva do obxecto deste contrato, manifestan ambas partes posuír copia exacta.

No caso de discordancia ou contradición no contido dos documentos contractuais será de aplicación preferente este contrato e despois os documentos anexos pola orde da súa numeración.

O contratista manifesta expresamente que recoñeceu suficientemente os lugares onde se van a executar os traballos, tomando as medidas e datos necesarios. Ao mesmo tempo, manifesta que estudou detidamente a documentación que define os traballos, que considera suficiente, así como os anexos do presente contrato.

Dado todo isto, o contratista declara a súa capacidade para desenvolver os traballos obxecto do presente contrato, con total cumprimento das normas, prescricións e condicións expostas na documentación contractual, a interpretación e definición dos detalles do que corresponderá á dirección de obra, e polo importe que se detalla na cláusula 2 deste documento.

## **1. RÉXIME XURÍDICO**

A preparación e adxudicación do contrato obxecto da presente licitación quedará suxeita ao previsto na sección 2ª do Capítulo I do Título I do Libro II da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), o Decreto Lei 3/2016, do 31 de maio, de medidas urxentes en materia de contratación pública, no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento da antiga LCSP (Lei 30/2007, do 30 de outubro) e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo aquilo que non se opoña á nova LCSP.

De acordo co artigo 26 da LCSP, o contrato ten consideración de contrato privado. En consecuencia, os efectos e extinción do contrato rexeranse polas normas do dereito privado, sendo aplicable o disposto nos artigos 201, sobre obrigas en materia medioambiental, social ou laboral, 202 sobre condicións especiais de execución, 203 a 205 sobre supostos de modificación do contrato, 214 a 217 sobre cesión e subcontratación así como as condicións de pago establecidas nos apartados 4º do artigo 198.4, 4º do artigo 210 e 1º do artigo 243.

Así mesmo, de acordo co artigo 319 da LCSP, operará en todo caso a causa de resolución do contrato pola imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato de conformidade cos artigos 204 e 205 da LCSP; así como a causa de resolución do contrato polo impago durante a execución do contrato dos salarios por parte do Adxudicatario aos traballadores que esten participando no mesmo, ou o incumprimento das condicións establecidas nos convenios colectivos sectoriais e territoriais de aplicación de acordo co artigo 211.1 e) da LCSP.

Este prego de condicións, a folla de especificacións e o prego de prescricións técnicas no que se describen as características da subministración revestirán carácter contractual.

## **2. PREZO**

O importe de adxudicación, fíxase na cantidade de XXXXXXXXXXXX € (XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX) IVE non incluído, cun coeficiente de adxudicación do XXXXXXXXXXXX.

O pago realizarase nos prazos e formas indicadas no prego de condicións.

## **3. DIRECCIÓN DO CONTRATO**

O contrato será dirixido por Don XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, ##CARGO##

#### **4. REPRESENTANTE DO CONTRATISTA**

Queda nomeado como delegado e representante do contratista para o exercicio dos dereitos e cumprimento dos deberes que se deriven deste contrato, con facultades amplísimas para o fin mencionado, D. XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.

Estas facultades como dimanantes do presente outorgamento non poden ser revocadas nin limitadas nin por asomo polo contratista, excepto que simultaneamente designe outro representante para substituír, con iguais poderes, ao que foi cesado. Así mesmo, queda obrigado a que, en caso de cesar ou faltar por calquera causa o representante designado, procederá nun prazo que non excederá de oito días, ao nomeamento por escrito doutro que o substitúa.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxxxx 2020

Por xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

Por SPI GALICIA, SA.

Don XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Dona Angela Bouzada Valverde

***ANEXO Nº 1. FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS E PREGO DE CONDICIÓNS***

***ANEXO Nº 2. DETALLES DA OFERTA DO CONTRATISTA***

***ANEXO Nº 3. COPIA DA FIANZA***



**ANEXO Nº 4. NOMEAMENTO DO DELEGADO DO CONTRATISTA**